# Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

## Ficha documental da epistola de Ramón Piñeiro, a Luís Seoane do 08/10/1960

**Colección:**
**Data:** 08/10/1960
**De:**
Ramón Piñeiro;
**Para:**
Luís Seoane;
**Orixe:**
Santiago de Compostela (municipal), Santiago de Compostela (comarcal), A Coruña (provincial)
**Destino:**
Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)
**Ficha descriptiva:**
[Carta manuscrita]
**Localización física:**Fundación Luis Seoane
**Temáticas:**
Artes; Artes escénicas; I Certame Literario do Miño; Literatura; Premio López Cuevillas de Novela; Premios;
**Mencionados:**
Daniel Cortezón; Álvaro Cunqueiro; Xosé Luís Franco Grande; Manuel María; Sebastián Martínez-Risco y Macías; Maruxa Seoane;

VER O DOCUMENTO ORIXINAL

**Transcrición da epistola de Ramón Piñeiro, a Luís Seoane do 08/10/1960**

Compostela, 8-X-60

Sr. D. Luis Seoane
B. Aires

Meu querido e lembrado amigo:

Recibín a tua carta e con ela a fonda alegría de saber que o voso recente paso pola nosa terra deixou en vós un calco perdurábel de impresións gratas. Pódovos asegurar, porque é certo, que o voso itinerario por Galicia deixou un ronsel de cordial simpatía en todos, tanto nos vellos amigos coma nos conocidos de novas. Polo que a Isabel e mais a min se refire, estade seguros de que non poidemos esquecer os brevísimos días que pasamos xuntos.
Nistes días celebrouse en Lugo o 1º Festival do Miño, un de cuios números foi un certamen literario galaico-portugués. Pra o Premio López Cuevillas, de teatro galego, presentáronse nada menos que dez obras. Premiaron ó Cunqueiro e déronlles accesit a Franco Grande, Cortezón e máis Manuel María.
Mañán elixirán presidente da Real Academia Gallega a Sebastián Martínez Risco.
Saúdos nosos a Maruxa. Pra tí, unha aperta moi forte do teu amigo certo

Ramón

Créditos do proxecto web

**Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*
*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*
*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

***Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":***
*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio subscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*
*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

**Consultas e colaboracións:**
Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.